

Vicente Docasar insta ao Goberno galego a que declare *Festa de Interese Turístico Galego* os entroidos de Salcedo e Ribeirao

O deputado autonómico interesouse pola situación na que se atopa o proceso para outorgar dita distinción a estes festexos dos concellos de Pobra de Brollón e Chantada

As asociacións veciñais e culturais destes municipios levan anos loitando para acadar un recoñecemento da administración autonómica para esta festividade que atrae a numerosos visitantes cada ano e que chegan, incluso, do estranxeiro

A Consellería de Cultura alega que a solicitude fora presentada no ano 2008 e que debían volver a facer, para Docasar “é algo que non pode deixar de asombrarme que os trámites fixéronse ante unha administración non ante un Goberno, e vostedes levan xa 7 anos neste Goberno, non poden votar as culpas a Gobernos anteriores”.

O socialista mostrou a súa admiración e respecto polas persoas que fan posible ano a ano os entroidos de Salcedo e Ribeirao e que se merecen un recoñecemento oficial ao seu traballo por parte da Xunta de Galicia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17 DE MARZO DE 2015.- O Deputado autonómico socialista, Vicente Docasar, interesouse esta tarde no Parlamento pola situación na que se atopa a declaración como *Festa de Interese Turístico Galego* dos entroidos de Salcedo, no concello de Pobra de Brollón, e o de Ribeirao, en Chantada.

O grupo parlamentario socialista presentou ao Goberno de Feijoo unha serie de preguntas para saber qué requisitos deben cumprir os entroidos de Salcedo e Ribeirao para acadar a súa declaración como *Festa de Interese Turístico Galego*. A Xunta de Galicia debe manifestarse “dunha vez por todas” e aclarar qué ten pensado facer coa declaración destes entroidos, de tal xeito que, “no caso de denegar a súa distinción, esixiremos ao Goberno do PP que aclare as razóns para non facelo”.

Segundo explicou Docasar, con esta iniciativa, os socialistas dan resposta así “a unha reivindicación case histórica dos veciños”, pois estes festexos alcanzaron unha alta relevancia como atractivo turístico de Galicia. “Por este motivo, solicitamos o apoio da Cámara, xa que a súa declaración suporá un forte impulso económico, turístico e cultural para estes concellos e para toda a Zona Sur”.

O deputado socialista mostrou a súa admiración e respecto polas persoas que fan posible ano a ano os entroidos de Salcedo e Ribeirao e que se merecen un recoñecemento oficial ao seu traballo por parte da Xunta de Galicia.

Máis de seis anos de espera en Salcedo

No caso de Salcedo, o deputado do PSOE indicou que os representantes da asociación de veciños organizadores da festa, levan xa máis de seis anos agardando a que a Xunta de Galicia lles diga se poden contar ou non coa distinción oficial. A asociación rexistrara no seu día a documentación pertinente para a súa declaración, así como un estudo pormenorizado no que se abordaba a orixe, o significado do ritual e documentación gráfica sobre o evento, pero non se recibiu resposta ao respecto. A Consellería de Cultura alega que a solicitude fora presentada no ano 2008 e que debían volver a facer, para Docasar “é algo que non pode deixar de asombrarme que os trámites fixéronse

ante unha administración non ante un Goberno, e vostedes levan xa 7 anos neste Goberno, non poden votar as culpas a Gobernos anteriores”.

“O esforzo do pequeno pobo de apenas 200 habitantes, que é capaz de manter un dos entroidos máis peculiares de Galicia, no que participan activamente veciños e veciñas de todas as idades, de grande tradición e arraigamento en Salcedo que merece o recoñecemento oficial”. Un entroido que, segundo informou Docasar, soamente se deixou de celebrar durante a Guerra Civil.

Como mostra da importancia desta festividade, o socialista indicou que o traxe do oso de Salcedo, expónse actualmente no Museo Internacional da Máscara de Binche en Bélxica, declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade.

Recoñecemento ao esforzo dos veciños e veciñas

Por outra banda, e logo de manter unha xuntanza coa Asociación de Amigas e Amigos do Entroido de Ribeirao de Santiago de Arriba, o deputado socialista constatou que “esta agrupación leva varios anos loitando para acadar un recoñecemento institucional para esta ancestral festa”. Explicou que a axuda para o mantemento da tradición ven dada pola Deputación de Lugo (4.000 euros) e o Concello de Chantada (600 euros) pero nada da Xunta de Galicia.

Docasar destacou que “co esforzo duns poucos veciños desta pequena aldea lucense, na que viven cinco familias, fai posible que moita xente se achegase a celebrar o entroido de Ribeirao dende diferentes puntos da xeografía galega pero tamén dende o estranxeiro”. Ademais, “coas humildes axudas” que reciben, teñen que facer os traxes do entroido e financiar saídas como as que realizarán a Lisboa no próximo mes de maio para participar nun encontro con colectivos de diferentes lugares de España e Portugal, o que supón unha promoción para o turismo de Galicia.

Por todo isto, o grupo parlamentario socialista, reclama á Xunta de Galicia que unha vez chegue a solicitude de declaración como Festa de Interés Turístico do entroido de Salcedo e o de Ribeirao dea unha resposta positiva e axude así a dinamizar e promocionar a Galicia interior.